




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: Principalmente San Amaro de Arra ao norte e Santa María de Adina ao sur, coa esquina noroccidental en Santo Estevo de Noalla. Extensión: 1,85km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Fachada costeira ocupada principalmente polo amplo complexo sedimentario de Montalbo situado entre as puntas de O Ferro e de Montalbo. Compóñeno un extenso areal con cordón dunar que alcanza a súa máxima prolongación continental na parte central da unidade xa que nos extremos desenvólvense tramos cantís con restos de plataforma rochosa. A vertente traseira presenta un perfil regular de pendente suave a moderada pechada na súa cabeceira por elevacións montañosas que no seu punto máis alto apenas superan os 110m snm.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade constitúese litoloxicamente de materiais metamórficos do Complexo Cabo Home – A Lanzada, dominando os micaxistos, cuarzoaxistosos e paragneises. Na praia de Montalbo existen depósitos de area de praias, que cara ao interior se continúan cunha banda paralela de depósitos dunares. Continuando cara ao nordés e seguindo o val dun río, dánse tamén depósitos aluviais, que xunto cos anteriores compoñen os materiais cuaternarios da unidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual superior a 15°C e oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións medias sitúanse entre 1200mm e 1400mm ao ano.

OS SOLOS

Areosos álbicos e háplicos especialmente na parte central do complexo sedimentario de Montalbo. En vertente dominan os chans sobre rocas de natureza xistosa, cambiños eútricos e áreas de gleysois onde a textura compacta do chan dificulta a drenaxe, ademais de umbrisois e leptosois onde aflora o substrato rochoso. Por último hai que ter en conta o aumento progresivo dos antrosois derivado da intensa transformación do espazo como consecuencia do fenómeno turístico.

AS AUGAS

A rede hidrográfica da unidade parte dos relevos setentrionais do Alto de Copetino e o Monte Montalbo, para desembocar na praia de Montalbo. Faio por medio de pequenos regatos, a miúdo sen afluentes. As Augas Costeiras desta costa correspóndense coas de Portonovo (20153).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. Dominio sedimentario polo complexo de Praia de Montalbo, aínda que gran parte da praia e os extremos da unidade presentan cantís. Estes, completamente transformados trala praia, conservan hábitats 4040, breixeiras secas costeiras de Erica vagans e 4030, breixeira secas europeas, na vertente do Alto de Montalbo, extremo oeste da unidade. As dunas centrais contan hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, con potencialidade para o 2230, céspedes de Malcolmietalia. Como novidade, aparecen tres masas(unhas 2ha) do hábitat 2270, dunas con bosques de Pinus pinea e/ou Pinus pinaster, neste caso de Pinus pinea. Zona moi presionada polo ser humano, os bosques de ribeira concéntranse na valgada oriental da unidade, na zona do Catadoiro. A eles súmanse algunhas agrupacións de recolonización en áreas de cultivo abandonadas, especialmente en Arra.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A estrada PO-308 atravesa a unidade lonxitudinalmente dividíndoa en dúas partes. Na franxa situada máis ao norte predomina o uso agrícola e o residencial. As vivendas tradicionais manteñen o vínculo co parcelario destinado ao devandito cultivo (viñedo, cereais e patacas); outros asentamentos máis recentes están orientados ao uso turístico ou tamén como segunda residencia. Na franxa costeira, a praia de Montalbo exerce de reclamo turístico, polo que se desenvolveron ao redor do seu extenso areal superficies ocupadas por cámpings, aparcadoiros sen acondicionar, apartamentos e hoteis. Destaca o banco marisqueiro de longueiróns. Por toda a unidade aparecen de forma illada edificacións dedicadas á hostalería e naves de uso industrial, existe tamén unha depuradora de augas residuais. Non hai grandes formacións de arboredo, destaca próximo á praia unha área de espaxamento baixo unha densa masa de Pinus pinea.

MORFOLOXÍA

O único núcleo tradicional é o de Arra, situado ao noroeste da unidade. A aparición de novas urbanizacións, hoteis e chalés formando pequenos núcleos espontáneos ou tamén de forma dispersa introduce unha nova funcionalidade no modelo territorial. Principalmente debido ao interese turístico da zona. Predominan as vivendas unifamiliares con parcela propia e tamén edificacións máis compactas e de maior volume de recente construción, destacan tamén os cámpings nos extremos cantís repletos de bungalows, tendas de campaña e rulots.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O único núcleo tradicional é o de Arra, situado ao noroeste da unidade. A aparición de novas urbanizacións, hoteis e chalés formando pequenos núcleos espontáneos ou tamén de forma dispersa introduce unha nova funcionalidade no modelo territorial. Principalmente debido ao interese turístico da zona. Predominan as vivendas unifamiliares con parcela propia e tamén edificacións máis compactas e de maior volume de recente construción, destacan tamén os cámpings nos extremos cantís repletos de bungalows, tendas de campaña e rulots.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como patrimonio cultural destacan elementos da arquitectura relixiosa e popular como a igrexa de San Amaro e o lavadoiro do regato Arra. As festas celébranse os días 15 e 16 de xaneiro en honra a San Amaro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Presenza de dous usos predominantes sobre unha topografía suave, por unha banda, na franxa norte que divide a estrada PO-308 mantense con certa estabilidade o cultivo de viñedo e cereais, sobre un armazón de pequenas explotacións de uso agrícola, a presenza de novos asentamentos e o desenvolvemento de urbanizacións marcan a tendencia que está sufrindo a unidade e en xeral a comarca, aburada pola presión urbanística que impón o auxe do sector turístico. A praia de Montalbo marca o sinal sobre a franxa litoral, ademais do valor natural do seu cordón dunar, actúa como reclamo turístico, este feito corrobórase pola existencia de cámpings, hotéis e vivendas usadas como primeira e segunda residencia. Nos extremos da unidade destacan os cantís rochosos que actualmente soportan as tensións de edificacións e usos que non se integran con estes elementos naturais.

DINÁMICA DA PAISAXE

A dinámica desta paisaxe móstrase profundamente alterada pola gran degradación que sufriu o sistema dunar da praia de Montalbo. A colonización do areal iniciouse transformando a paisaxe coa construción dun viario que atravesou o cordón dunar rompendo a continuidade do mesmo. Isto trouxo como consecuencia un proceso de ocupación humana iniciado principalmente co desenvolvemento do uso agropecuario e que evolucionou cara a unha progresiva perda de usos tradicionais en favor dunha colonización do territorio incoherente con esta paraxe natural. A introdución destes modos de ocupación propiciou o abandono paulatino do chan para o cultivo agrícola. Tamén se xeraron grandes tensións nos cantís rochosos debido á intensa densidade edificatoria e á existencia de cámpings.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A pesar da grave degradación do sistema dunar da praia de Montalbo, aínda se conserva parte do cordón dunar, a franxa central do areal presenta un baixo índice de ocupación que combinado coa cobertura arbórea constituída por unha densa masa de piñeiros piñoneiros atenúan a visión dunha paisaxe moi alterada. A praia está limitada a ambos marxes por dous promontorios (Punta de Montalbo e Punta de Paxariñas) que constitúen dúas atalaias naturais ofrecendo amplas panorámicas da ría. O suave relevo permite unha visión aberta da paisaxe e a conexión visual do litoral co interior, sendo o núcleo de Arra o que mellor se integra e dota de ruralidade á paisaxe. O alto potencial ecolóxico da unidade vén dado pola pertenza ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. Os hábitats que constitúen as dunas centrais, dunas marítimas atlánticas constitúen un valor engadido.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



